

Convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia para o desenvolvimento dos fins da entidade, especialmente do programa de charlas divulgativas sobre o Parlamento en centros educativos de toda a comunidade autónoma e outras actuacións (outubro 2022- setembro 2023)

R E U N I O N D O S

Don Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento da Cámara do Parlamento de Galicia.

Don Jesús María Fernández Rosende, presidente da Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades outorgadas polo artigo 10 dos Estatutos da entidade.

As ambas partes recoñecen a súa competencia e capacidade para formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, e para tales efectos,

E X P O Ñ E N

Primeiro. O Estatuto de Autonomía de Galicia outorga ao Parlamento de Galicia a condición da primeira institución da Comunidade Autónoma.

Como cerne do sistema democrático galego, o Parlamento está levando a cabo -dende hai uns anos- diferentes actuacións encamiñadas á difusión e publicidade da labor que realiza, co obxectivo de que o conxunto da cidadanía coñeza e participe na actividade parlamentaria. Entre esas actuacións podemos destacar a de "Portas Abertas", asinamento de protocolos de colaboracións con diferentes institucións que promoven e defenden a cultura galega, o éxito do convenio "coñece as túas institucións" que permite aos escolares galegos acceder á sede cunha charla explicativa, o desenvolvemento periódico do "Parlamento Xoven", a posta en marcha de exposicións vinculadas á historia da Institución, edición de libros así como outras medidas adoptadas cara a garantir a participación de todos na vida política, social e cultural galega, tal e como encomenda o artigo 9.2. da Constitución Española.

Para dar cumprimento a este compromiso quere seguir contribuíndo a facilitar o seu coñecemento, promoción, arraigo e consolidación, dispoñendo, para tal fin, e na medida das súas posibilidades, dos medios que sexan necesarios e eficaces para conseguilo.

Algunhas dasas iniciativas desenvólvense na sede da Institución pero tamén fóra dela, co gallo de achegarse a cidadanía. Un exemplo o é, dende o 2011, os ciclos de charlas-coloquio co alumnado de educación secundaria, bacharelato, formación profesional e dos centros universitarios e vinculados as universidades, de Galicia coa participación activa da Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia amosando unha boa acollida dos estudiantes desde a súa primeira edición e xerando unha demanda ascendente.

Asemade, aqueles que foron membros da cámara lexislativa tamén atesouran unha abano de experiencias, algunas das primeiros chanzos da democracia galega, que forma parte dunha historia inesquecible da institución, e polo tanto, de todos os galegos.

Segundo. A Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia é unha asociación sen ánimo de lucro, que ten entre os seus fins fundacionais o mantemento de relacións de colaboración cos deputados da lexislatura correspondente e coa Mesa do Parlamento, a promoción e realización de estudos, conferencias, encontros e calquera outra actividade encamiñadas ao fortalecemento do sistema democrático, colaborar coas institucións da Comunidade Autónoma de Galicia na difusión e defensa do Estatuto de Autonomía, ou o desenvolvemento de accións de interese común dos ex-parlamentarios, organizar actos culturais relacionados co obxecto social, entre outras que figuran nos seus estatutos, aprobados o 21 de xaneiro de 2010, e inscrita o 31 de maio de 2010 no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2010/014278-1 (SC).

Esta Asociación mantén unha actividade que continúa dende a súa constitución. Por unha parte, as reunións que permiten a organización da entidade e desenvolvemento dos seus fins de orde interno na procura de manter os lazos entre os seus membros, e por outra, participando a través dos seus integrantes en diversos actos culturais, protocolarios, de lembranza, ou programas de difusión organizados por Administracións, Institucións ou outras entidades.

Os ciclos de charlas-coloquio co alumnado de centros educativos de Galicia quizais sexa a actuación mais coñecida da Asociación pola súa variedade e deslocalización. A Xunta directiva da entidade organiza, coa conformidade da Presidencia da Cámara, as anteditas charlas determinando o número e lugar segundo as peticións dos centros educativos, para ser impartidas por membros da Asociación, desde unha óptica plural na medida en que habitualmente participan representantes de formacións políticas diferentes.

O número de charlas impartidas pode acadar unhas 65 charlas por curso académico. Isto require que os membros da Xunta Directiva se reúnan a principios de cada curso para establecer o calendario inicial, e con periodicidade ao longo do curso, ante novas solicitudes, para a coordinación, seguimento e posterior xustificación.

Terceiro. Ao abeiro do estipulado no acordo da Mesa do Parlamento de Galicia de 1 de outubro de 2019 (DOG nº 194, do 11 de outubro) polo que se aprobou o Regulamento de concesión directa de subvencións á Asociación de ex-parlamentarios e ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia que determina o obxecto, réxime xurídico, órganos competentes, procedemento e cuantías, preséntase este convenio.

Na memoria que consta no expediente, xustifícase o carácter excepcional e a concesión directa dunha subvención no interese social e cultural que ten o funcionamento da Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias desenvolvendo os seus fins, e especialmente, difundindo o quefacer do Parlamento e achegándoo aos estudantes dos distintos niveis educativos, a través das vivencias dos que foran membros da Cámara lexislativa galega en diferentes lexislaturas e desde as distintas vertentes políticas.

As actuacións desta asociación responden a uns obxectivos que pola súa especificidade implican únicamente ao Parlamento de Galicia, motivo polo que se entende que sexa o Parlamento de Galicia o ente financiador por autonomía.

Tendo mutuo interese ambas as partes na difusión deste ciclo de conferencias e por extensión o funcionamento da Asociación, as partes acordan asinar este Convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ter por obxecto establecer os mecanismos de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia, para o desenvolvemento dos seus fins estatutarios, mais especialmente do programa de charlas divulgativas sobre a Cámara lexislativa galega en centros educativos de toda a comunidade autónoma.

Segunda. Declaracións e Obrigas das partes

A) A Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia declara:

- 1º. Que non esta incursa en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da lei 38/2003 nin do artigo 10 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia
- 2º. Que non solicitou nin obtivo outras axudas ou ingresos para a mesma actuación obxecto do convenio.
- 3º. Que se atopa ao día das obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- 4º. Que cumplirá cos termos do convenio xustificando o importe da achega no prazo e coa documentación seguinte que remitirá ao Parlamento de Galicia:
 - Memoria xustificativa, explicativa das actuacións finalmente realizadas e, de ser o caso, dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos executados: con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago, xunto con copia das facturas e dos abonos vía transferencia á conta bancaria da súa titularidade.
- O período subvencionado, coincidindo co curso académico, estendese ata o 30 de xuño, sen prexuízo de que poidan efectuarse pagos ata a data de achega de documentación indicada contra o final deste apartado.
- Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou autorización ao Parlamento para obtelos e incluílos no expediente cada ano.
- Certificación acreditativa do representante legal da entidade do importe das axudas solicitadas e/ou percibidas durante o período.

Esta axuda é incompatible con outras axudas se ben en ningún caso poderá ser superior a contía, illadamente ou en concorrencia, do custo total dos gastos subvencionados.

Declaración asinada polo representante legal da entidade, de que esta non deduce nin compensa o IVA dos subministracións ou servizos que solicita.

- publicidade da achega do Parlamento (fotografías, dípticos, web...)
- Certificado da conta bancaria a nome da entidade en que efectuar o pagamento.

O prazo para a achega de toda a documentación remata o 30 de setembro de 2023.

- 5º. Que de variar estas circunstancias durante a vixencia do convenio se compromete a comunicalas ao Parlamento sen dilación.
 - 6º. Que se compromete a reingresar o importe non xustificado da achega que se houbera anticipado, de solicitala.
- B) A Asociación de ex-parlamentarios e ex-parlamentarias asume a obriga de xustificar os gastos realizados cargo ao convenio así como a organización das charlas-coloquios nos centros educativos, e o Parlamento de Galicia colaborará no financiamento do custo das actuacións da entidade, ao abeiro da normativa aplicable en materia de subvencións, nos termos da cláusula seguinte.

O Parlamento de Galicia non asumirá, por motivo deste Convenio, ningún tipo de relación mercantil ou contractual coas persoas que participen na organización e desenvolvemento das conferencias, nin dos seus participantes, moderadores ou relatores, que corresponderán enteramente á Asociación. O mesmo cabe dicir respecto dos gastos contratados pola entidade.

Terceira . Financiamento

O Parlamento de Galicia finanziará á Asociación cun orzamento máximo de 26.500,00€ durante o período deste convenio, cunha cobertura de ata o 100% dos gastos xustificados con cargo á aplicación orzamentaria 01.01.111B.481.05 relativa

a "Outros convenios/achechas a institucións sen fin de lucro" do exercicio de xustificación.

A subvención poderá ser prepagable, de solicitalo, ata o 60% do orzamento máximo do convenio.

O desagregado dos gastos subvencionables abranguerá:

A) Dietas por charlas-coloquio nas que participen os membros da asociación:
Co gallo de que podan afrontar os gastos de desprazamento (quilometraxe, peaxe, aparcamento), e de ser o caso, manutención, ao lugar da charla, aboáráselle pola entidade a cada membro unha dieta fixa de 100€/charla que será obxecto da retención impositiva que corresponda.

Xuntarase pola Presidencia ou representación da entidade unha relación de lugares, días e conferenciantes, e as transferencias de pagamento pola Asociación aos membros.

Destinase para afrontar ese custo un máximo de 19.500,00€ por curso académico.

B) Organización, xestión e funcionamento da Asociación:

B.1. Co gallo de que podan afrontar os gastos de desprazamento á sede social (quilometraxe e peaxe, billetes de transporte público) os membros da Xunta Directiva da asociación recibirán da entidade unha importe de 51€/reunión que será obxecto da retención impositiva que corresponda.

Xuntaranse as actas das reunións onde figuren os asistentes, así como as transferencias de pagamento pola Asociación aos membros.

Destinase para afrontar ese custo un máximo de 4.000,00€.

B.2. Asemade cabe imputar por un máximo de 3.000,00€:

- gastos de xestoría que permitan á entidade xestionar os pagamentos aos membros, pagamento de tributos, e demais tarefas que lle encargue a asociación cos fins recollidos neste convenio. A Asociación presentará a factura xustificativa do custe.
- con carácter puntual, gastos protocolarios (agasallo institucional, lembranza por falecemento,...). A Asociación presentará a relación destes gastos, coa indicación do membro que acude ao evento e facturas xustificativas.

A entidade comprométese coa sinatura deste convenio a acreditar os gastos realizados e presentar en tempo e forma a documentación xustificativa da súa realización e pagamento, que será obxecto de control financeiro e sometemento a aprobación, previo fiscalización da Intervención, mediante Resolución da Presidencia.

O incumprimento da obriga de xustificar o gasto total ou parcial subvencionado dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada proporcionalmente. De non xustificarse axeitadamente seguirase o procedemento establecido no artigo 42 da lei xeral de subvencións.

Cuarta. Duración

Este Convenio estará vixente durante un curso académico, desde a súa formalización ata o remate do curso académico 2022-2023; sen prexuízo de que a xustificación pola Asociación deberá realizarse antes do 30 de setembro, e a fiscalización e pago que proceda antes do 31 de decembro do segundo ano.

O convenio extinguirase polo cumprimento do seu obxecto ou por incorrer en algunhas das causas de resolución da cláusula oitava.

Quinta. Difusión da colaboración das partes

Nas actividades informativas e divulgativas das conferencias obxecto deste convenio farase constar a colaboración das partes e utilizaranse a identidade corporativa do Parlamento de Galicia xunto coa da Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias.

A sinatura deste Convenio supón o consentimento expreso de ámbalas partes para fazer públicos a través dos diarios oficiais que procedan e da web, os datos referidos ao seu contido de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa de aplicación a cada unha delas.

Sexta. Protección de datos de carácter persoal

En aplicación deste protocolo respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 Xeral de Protección de Datos e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cuntas medidas resulten necesarias para cumplir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte alteracións, perdidas, tratamentos ou accesos non autorizados, resultando de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados desta normativa.

Sétima. Comisión de Seguimiento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste Convenio, crearase unha comisión de seguimento composta por un representante de cada unha das partes asinantes, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cuntas dúbidas puidesen xurdir na súa execución. A comisión poderá estar asistida polos técnicos que xulguen necesarios.

Os acordos adoptados pola Comisión serán inmediatamente executivos.

Terá, ademais, as seguintes funcións:

- A interpretación do convenio.
- A proposta de addendas ou modificacións.
- Elaborar o informe previo á resolución por incumprimento.
- Facultades de supervisión da execución e adopción das decisións e ditado das instrucións necesarias co fin de salvagardar a correcta realización das actividades acordadas.
- Calquera outra relacionada co bo funcionamento deste Convenio.

Oitava. Modificación

As partes ou a comisión de seguimento poderán instar a modificación deste Convenio en calquera momento. Mediante addenda achegarase as modificacións sobre o seu contido acordado pola partes.

As propostas de modificación deberán ser comunicadas por escrito cunha antelación dun mes.

Novena. Resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:

- O transcurso do seu prazo de vixencia.
- O mutuo acordo entre as partes.
- A denuncia de calquera das partes, formulada cun mes de antelación e por causas xustificables.
- O incumprimento total ou parcial das cláusulas contidas neste convenio.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

Décima. Réxime xurídico.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; e as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio de colaboración serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.


Asemade rexerese pola normativa aplicable en materia de subvencións.

En proba de conformidade asínase este convenio en Santiago de Compostela o vinte e oito de setembro de 2022.



PARLAMENTO
DE GALICIA
PRESIDENCIA

Miguel Ángel Santalices Vieira,
presidente do Parlamento de Galicia



Jesús María Fernández Rosende,
presidente da Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do
Parlamento de Galicia